



As outras historias do pazo de Oca

Juan Fernández Casal

juanfernandezcasal@hotmail.com

Resumo. A partir dun multitudinario accidente ocorrido no Pazo de Oca (A Estrada-Pontevedra) no ano 1934, documentado con diarios de la época e testemuños de persoas anciás, van xurdindo pequenas historias paralelas que enriquecen e complementan o relato principal. A vida pacega dos aristócratas daqueles tempos, os inicios da acuicultura e cultivo de mexillóns na Ría de Arousa, ou a sorprendente historia dunha talla de san Sebastián atribuída á escola de Gregorio Fernández son algúns dos temas tratados neste traballo.

Abstract. Short pararell stories, which enrich and supplement the article, come up from a mass accident that took place in *Pazo da Oca* (A Estrada - Pontevedra) in 1934, which was documentated with period newspapers and eldely people statements. Some of the topics presented in this work are the aristocratic life in that time, the begining of the aquaculture, the mussels growing in Ría de Arousa and the surprising story of a sculpture in *San Sebastián*, attributed to *Gregorio Fernández* school.

I. Aclaracións previas

Este autor nada sabía das pequenas historias do pazo. As grandes historias aparecen en calquera libro que trate do Pazo de Oca. Sería doado para el copialas sen maior esforzo. Pero as historias do cotián, aquelas que non están libros, cómpre buscalas nas persoas que foron protagonistas delas ou recibíronas dos seus maiores. Para todos eles vaia pois o meu agradecemento.

Pero para darlle ao relato un carácter máis realista tamén tivemos que facer uso de fontes documentais onde se relatan moitos dos acontecementos que aquí expoñemos e aos que hai que darlle máis creto que aos recollidos de viva voz.

Abondando máis no tema das informacións orais debemos aclarar que o que aquí expoñemos é só unha mínima parte do que nos contaban. Tivemos que cortar información, eliminar e puír outra que estaba fóra do tema e non encaixaba na continuidade argumental e moitas veces pedirilles, con moito respecto e pruden-



Cazador no Pazo de oca. Fotografía de Pedro Brey.

cia, que parasen de contar as súas lembranzas pois xa nos é abondo coñecido o gusto dos maiores de contar as súas historias.

Por outra banda, encontrar datos históricos, queremos dicir documentados, do Pazo de Oca, é relativamente doado pois en calquera tratado aparece abondosa documentación dada a gran transcendencia artística e histórica deste singular edificio.

En canto á narración dos tráxicos sucesos acontecidos no ano 1934 do pasado século tivemos a sorte de recuperalos da prensa rexional, concretamente dos diarios *Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*, dos

días seguintes. Con todo detalle e minuciosidade, característica da prensa de sucesos, ían informando os antecedentes, o derrubamento do piso e a relación detallada dos feridos como se fose un parte médico.

Ademais do texto, completábase a información cunha serie de fotografías explicativas. Recollemos estas fotografías para incluílas neste traballo. Son copias de fotocopias dunha prensa de hai case oitenta anos, non lle pidamos pois calidade. Faga, amable lector, un esforzo, e complete coa imaxinación o que a foto oculta.

II. Historia do Pazo

Moito se ten escrito sobre a historia da Casa de Camarasa e o Pazo de Oca. Tanto, que case non pagaba a pena tocar o tema, pois este traballo céntrase principalmente no aspecto anecdótico e nas pequenas historias relacionadas con este monumento estradense. Pero quedaría incompleto se o deixasemos sen dar unhas curtas referencias históricas.

Imos comezar no século XVI, cando o arcebispo de Santiago Alonso de Fonseca enviou as súas tropas contra Suero de Oca que,



Estanque coa barca de pedra.

incapaz de defender a súa fortaleza, optou por fuxir deixando a súa dona e familia no castelo pois pensaba que non lle farían mal ao ser señora de grande calidade e digna de todo respecto. Pero o arcebispo Fonseca non pensaba o mesmo porque despois de tomar a fortaleza, prendeu a dona María e levouna a Santiago onde, chea de pena por verse prisioneira, morreu aos tres días.

Quedou o arcebispo coas terras e fortaleza ata que no ano 1564 o papa concedeu autorización ao rei Felipe II para que as vendese. Unha señora de Santiago chamada María de Neira comprou estas terras e casa-fortaleza por 195.775 maravedís que comprendían o señorío de Oca e os beneficios ou padroados de San Cristovo de Remesar e San Mariño de Riobó. Tempo despois, no 1773, don Andrés de Gayoso mandou construír a capela, retablos, galerías, dormitorios e cociñas e ordenou a traza dos xardíns nos que gastou máis de 16.000 ducados. Para as obras dos xardíns mandou traer xardineiros e botánicos franceses. Queremos rematar aquí esta relación de personaxes que a través dos anos eríxense en protagonistas da historia do pazo e quedamos coa figura de dona Francisca Gayoso de los Cobos, XV Marquesa de Camarasa, casada con don



Fonte e torre almeada.

Ignacio Fernández de Henestrosa y Ortiz de Mioño, Conde de Moriana, marqués de Cilleruelo.

III. Un libro curioso e raro

Gardo coma un pequeno tesouro o libro titulado *Apuntes para el Historial de la Casa de Camarasa* impreso en San Sebastián, en edición non venal de tan só 200 exemplares, no 1934. O seu autor foi don Ignacio Fernández de Henestrosa y Ortiz de Mioño, Marqués de Camarasa, quen, poucos meses despois da publicación, quedou cheo de pesar polos tráxicos sucesos do Pazo de Oca. O libro foi regalado polo autor ao seu bo amigo don Antonio Liste Rodríguez, párroco de


Santa Mariña de Cambados durante máis de corenta e cinco anos. Na primeira páxina interior lese, manuscrita, unha cariñosa dedicatoria do autor. Bastantes anos despois, don Antonio Liste transferiu a propiedade do libro ao autor deste traballo. Nas 271 páxinas que tratan da historia da Casa de Camarasa, dende as súas orixes máis remotos deica a data da súa publicación, no 1934, ao Pazo de Oca só lle dedica un capítulo.

Pero o motivo de traelo a este traballo é para rescatar curiosas estatísticas que mostran o poderío que tiña esta casa nos anos en que precisamente datamos o tema. Empecemos pois polo dereito de curatos de

presentación *in solidum* nas parroquias que eiquí reseñamos. Esta expresión *in solidum* significa que presentaban un só cura para a parroquia e non unha terna. Os señores do pazo de Oca exercían aquel dereito (extinguido tralo Concilio Ecuménico Vaticano II) nas dióceses que se expresan de seguido: Ourense, 99; Lugo, 62; Tui, 14; Santiago, 18; Mondoñedo, 11; Astorga, 5; Zaragoza, 2; Barbastro, 2 e Jaén, 2.

Con estas estatísticas á vista non podemos resistir a tentación de incluír uns esclarecedores comentarios. Naqueles tempos, arredor do primeiro terzo do pasado século, o clero en xeral aínda dispuña dunha enorme influencia social nas parroquias que rexentaba e tamén tiña boa entrada ante a autoridade civil. Estas circunstancias dábanlle un enorme poder sobre os fregueses; poder que trasladaban aos seus benefactores os marqueses que lles entregaran a prebenda da parroquia a través da súa presentación, o que lles obrigaba a someterse ás súas indicacións.

Atopámonos pois que a casa de Camarasa controlaba en certo sentido as 215 parroquias nas que tiñan dereito de presentación.



A portada do libro.

Sigamos entresacando máis datos curiosos do libro.

Dispoñían de *beneficios* ou rendas nos seguintes lugares (copio textualmente):

Dos en la Iglesia Mayor del Pilar de Zaragoza.

Otro en la Iglesia de Santa Cruz de Zaragoza.

Otro en San Miguel Arcángel de Villafeliche (Zaragoza).

Otro en la Iglesia de San Pablo de Torres (Jaén).

Otro en Santa Baya de Anfeoz (Astorga).

Gozaban ademais das *capelanías*, que era o privilexio de nomear sacerdote para determinadas capelas ou igrexas libres da autoridade e control do párroco correspondente. Dezanove *capelanías* controlaban no territorio español. A estas dezanove debemos engadirlle a da capela do pazo de Oca na persoa do crego don Francisco Porto cando quedou eivado polo derrubamento do piso.

Máis curiosidades desta casa de Camarasa. Gozaban das seguintes dignidades con carácter hereditario:

Adelantado Mayor de Galicia (Ribadavia).

Regidor y Alférez mayor de la ciudad de Orense (Amarante).

Regidor Perpetuo de la ciudad de Santiago (Amarante)

Regidor y Alférez Mayor de Reinos (Cilleruelo)

Merino Mayor de Transmiera (Cilleruelo).

Ignoramos se estes dereitos de presentación, capelanías, beneficios, dignidades e outras prebendas aínda seguen en vigor ou xa foron suprimidas. Queremos rematar o comentario deste libro copiando un curto parágrafo que o autor pon no seu remate:

Este trabajo que acaso parezca a algunos anacrónico e intempestivo es ante todo un tributo a mi familia cuya historia es la de España y en mi mente se confunde con ella. Pero es también ¿a qué negarlo? una meditada protesta contra el prosaico y disolvente materialismo de nuestros días

IV. Outras historias do pazo

Ata aquí contamos as grandes historias do pazo dentro da época na que estamos a investigar, aquelas que deixan constancia nos libros e



O impresionante paseo dos tilos.

documentos e producen trocos na vida das persoas e dos pobos. Pero á sombra destes grandes feitos móvese outro mundo máis silencioso pero que é indispensable para que se poidan realizar as grandes historias.

Como xa vimos dicindo repetidamente, estas pequenas historias son as que nós andamos a buscar para que algún día aparezan os seus protagonistas con nomes e apelidos tamén escritos noutros libros. Sen estas investigacións, todas estas humildes xentes pasarían pola vida como uns ninguén que van para ningures. Era a nosa obriga aclarar estes extremos por traer a conto a estes personaxes a quen lle agradezo desde aquí a súa valiosa colaboración para poder entrar neste pequeno mundo do Pazo de Oca.

Empecemos pois co primeiro personaxe desta historia: Tomás Payno. No primeiro terzo do pasado século Don Ignacio Fernández de Henestrosa e a súa muller, dona Blanca Pérez de Guzmán, vivían en San Sebastián. Don Ignacio era militar de alta graduación e tiña como asistente a Tomás Payno, castelán, da provincia de Burgos. Debeu encontrar don Ignacio boas cualidades neste home porque o mandou para o seu Pazo de Oca como encargado xeral da finca baixo

o control dunha señora de Santiago de quen só sabemos o seu nome: dona María, viúva de Vilas.

Tomás dirixía toda a actividade agrícola do pazo coa facultade de contratar persoal e organizar as faenas do campo. Durante a estancia dos marqueses no pazo facía de cocheiro para trasladar aos marqueses nas súas frecuentes saídas a outros pazos da bisbarra e viaxes ás capitais galegas. Manexaba naquel tempo un carricoche de dous cabalos.

Anos despois os marqueses vivían habitualmente en Madrid onde tiñan a súa residencia pero nos meses máis abafados do ano trasladábanse para o seu pazo de Oca pero non sen antes pasar polas súas posesións en San Sebastián onde posiblemente se bañarían na famosa praia da Concha. A viaxe a Galicia facíano en tren ata o final do traxecto na estación de Curtis. Daquela aínda non chegara o tren a Santiago. Nesa estación xa o estaba esperando Tomás Payno para trasladalos ata o pazo. Noutro coche tamén de cabalos recollían toda a equipaxe e parte da servidume que traían de Madrid, especialmente a cociñeira. Moitos anos antes, outro cocheiro, Manuel Gondar, veciño da parroquia e avó da nosa veciña Dolores Pazos, tamén dirixía con moita pericia o parque móbil do pazo.

Os marqueses facían frecuentes viaxes aos pazos veciños para visitar a parentes e amigos. Precisamente, o día que se derrubou o piso do seu Pazo de Oca, estaban de visita en Rubiáns no pazo do seu curmán Alfonso Ozores. Cando chegaron de volta estaban a mandar a Santiago os derradeiros congresistas feridos. O encargado xeral e cocheiro de ocasión, Tomás Payno tivo que retirarse por un accidente laboral. Os marqueses asignáronlle unha pensión vitalicia que puntualmente ía cobrar todos os meses á casa da administradora viúva de Vilas.

Debemos presentar agora outro encargado xeral quen durante máis de corenta anos dirixiu a vida agrícola e gandeira do pazo. Gerardo González xa entrara como xardineiro no tempo de Tomás. Era veciño da mesma parroquia e casado con Perfecta Ribadulla. Nunha das viaxes dos marqueses a Francia acompañounos como axudante. Alí coñeceu o tratamento dos xardíns, técnica que logo aplicou no pazo. Cando se xubilou Tomás tomou o relevo Gerardo



Leonor e Otilia.

quen levou as actividades do pazo a enteira satisfacción dos marqueses. Foi un matrimonio moi prolífico. Tiveron nove fillos dos que queremos dar os seus nomes: Xesús, Xosé, Xosefita, Florinda, Anita, Rosalía, Leonor, Carmiña e Otilia. Queremos agradecer a Leonor e Otilia esta información.

Pero queremos tamén rescatar a memoria de Carmiña, falecida hai poucos anos, quen cun gran esforzo acadou o título de *Maestra de Primera Enseñanza* pero que non puido exercer pola mutilación dos dedos da man dereita nunha máquina trituradora. Dedicouse de cheo ao pazo durante máis de vinte anos e foi a administradora fiel da súa actividade agrícola. Tiña un xornal de *cinco reais e un patacón* diarios. A casa ducal recoñeceu esta dedicación e entrega. Nunha publicación sobre a imponente arquitectura e beleza dos xardíns do



Carmiña González Ribadulla.

pazo resalta a fotografía de Carmiña con este pé de texto: “A Carmiña González Ribadulla, *in memoriam*”.

V. Pazo de Santa Cruz

Vémonos obrigados a incluír aquí noticias deste pazo por esixencias do guión. No terreo que ocupaba a medieval Torre de Ortigueira construírse posteriormente o famoso Pazo de Santa Cruz de Ribadulla que no transcurso dos anos foise habilitando para o cultivo de plantas que se adaptaron perfectamente ao clima do país.

Está localizado este edificio no Concello de Vedra, dentro da provincia da Coruña, na bisbarra coñecida como A Ulla, preto da cidade de Santiago. Por estas terras discorría a Vía Romana que uniu durante séculos as vilas de Iria Flavia e Lucus Augusti e que durante o século X levaba aos peregrinos xacobeos do centro e sur da península á cidade do Apóstolo Santiago.



Patio do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.

Este pazo, actualmente máximo referente na explotación da camelia en España, foi declarado Monumento Nacional o día once de decembro do 2001. Sobresaen os seus paseos arborados en forma de retícula formada por centos de olivos dos que noutros tempos se extraía aceite. Pero sobre todo destaca polo cultivo e explotación da camelia xapónica, con cen exemplares, catrocentos de camelia sasanqua e trescentos de camelia reticulada, algúns deles de probada antigüidade, dos que se extraen máis de cen mil clons cada ano para a súa exportación.

Ademais das camelias e oliveiras é importante a produción de viños e froitas. Na actualidade este pazo é propiedade de don Alfonso Armada y Comyn, Marqués de Santa Cruz.

VI. Pazo da Mota

Tamén debemos incluír nesta investigación o Pazo da Mota debido á súa proximidade ao Pazo de Oca, onde se centra este traballo, mais



O Pazo da Mota.

tamén porque o seu antigo propietario, don Gonzalo Otero, participou nas actividades do pazo e pola boa amizade que tiña cos marqueses. O edificio é moito máis modesto ca o de Oca; coñecémolo aquí como a casa señorial dos Outeiros da Mota, varóns de gran influencia política e social no seu tempo. O primeiro personaxe de quen temos novas foi Ramón Otero, varias veces alcalde da Estrada. O seu fillo Gumersindo tamén ocupou este cargo, foi deputado provincial de Pontevedra e gobernador de Ourense. A Gumersindo sucedeulle o seu fillo Gonzalo, deputado pola provincia de Pontevedra e durante moitos anos administrador do Pazo de Oca.

A familia dos Outeiros era propietaria dunha fábrica de papel situada no lugar dos Besteiros, na ribeira do río Bo, parroquia de Riobó. Fábrica que comprara ao seu antigo dono don Bonifacio Silva que xa viña funcionando desde 1843. No ano 1940 foi vendida a José López quen se dedicou á fabricación de papel durante uns vinte anos, pero o seu antiquísimo sistema de produción non resistiu a competencia das modernas papeleiras e cerrou. As naves pasaron

sucesivamente a criadeiro de polos e piscifactoría de troitas. Na actualidade só quedan unhas impresionantes paredes como recordo da florecente industria papeleira doutros tempos.

Pero volvamos aos Outeiros da Mota. Eran tamén donos dos serradoiros situados en Balboa, parroquia de Arnois, e que moitos anos antes estaba en Chancelas ao lado do río Chancelas, onde tamén houbo unha fábrica de curtidos.

VII. O pazo de Rubiáns

Este pazo tamén está relacionado cos acontecementos sucedidos en Oca e polo tanto ten cabida neste relato. Serve ademais para aclarar un pouco toda a trama argumental e para darlle máis fluidez á liña principal desta historia. Os señores de Oca e de Rubiáns visitábanse con frecuencia e tratábanse de primos. Precisamente o día que se fundiu o piso da torre os propietarios do Pazo de Oca viaxaran a Vilagarcía para fuxir dos “revoltosos congresistas”.

Don Alfonso Ozores Saavedra, marqués de Aranda e Grande de España, gozaba da súa casona situada en Vilagarcía de Arousa. Gran pazo e coidados xardíns que súa nai, apaixonada da xardinería, esmerárase en crear cun estilo propio que conseguiu fusionando os das escolas francesa e inglesa. Anos máis tarde dos tristes acontecementos do pazo de Oca, don Alfonso Ozores foi creando unha interesante industria dotada de técnicas moi avanzadas para o seu tempo. Daquela, a extracción de mexillón facíase dunha maneira primitiva raspándoo das pedras en augas de pouca profundidade. Os seus experimentos levárono a crear as actuais bateas, técnica que foi a orixe da poderosa industria do cultivo do mexillón en Galicia que na actualidade está catalogada como a máis importante do mundo. Só uns poucos datos: nas rías galegas hai instaladas 3.491 bateas das que 2.396 corresponde á Ría de Arousa; a produción de mexillón destinado a fresco e a conserva estímase en 240.000 toneladas anuais.

Segue o noso aristócrata industrial coas súas inxerencias emprendedoras e constrúe a primeira depuradora de mariscos en Galicia e, o máis extraordinario, foi quen tamén, terra adentro,



Pazo de Rubiáns en Vilagarcía de Arousa.

chegou co seu trepidante afán de creación industrial: logra montar a primeira fábrica moderna de queixos coas técnicas de produción que daquela eran as máis avanzadas.

Quede claro que se trouxemos aquí a esta importante personalidade non foi, como xa dixemos, polas súas iniciativas na industria senón por dar acollida aos marqueses do pazo e libéralos daqueles “revoltosos congresistas”.

Pero tamén pagou a pena dar a coñecer os beneficios que esta persoa achegou á industria das Rías Baixas.

VIII. O congreso

Desde os primeiros anos do século XX estíbese a celebrar cunha periodicidade anual un congreso internacional sobre temas científicos co nome de *Congreso Internacional para el Progreso de las Ciencias* onde todos os científicos que o desexasen poderían presentar e expoñer un tema de calquera aspecto da ciencia.

EN LA BIBLIOTECA AMERICA



SANTIAGO. — La Sección de Historia del Congreso de las Ciencias celebró una sesión en la Biblioteca América, como homenaje a don Gumersindo Bustos, creador de dicha Biblioteca, y a las colectividades españolas de América. Presidió el acto don Rafael Altamira acompañado del rector, alcalde y otras personalidades, entre ellas los académicos señores S. y J. Alvarez Quintero (Foto Ksado)

A Sección de Historia do Congreso.

O derradeiro congreso do que temos noticia, o decimoterceiro, celebrárase en Alemaña. Del quedou unha boa imaxe no recordo pola categoría dos científicos asistentes, a calidade dos temas presentados e a perfecta maquinaria organizativa alemana. Neste congreso quedou fixada a data e lugar da celebración do seguinte: foi España a nación elixida e a Universidade de Santiago a quen lle coubo a honra de organizar o congreso no mes de agosto do ano 1934.

Ante tan importante acontecemento fórmase o comité organizador: Vizconde de Eza, Sr. Torroja, Sr. Montequi, Villar Iglesias, Arias Ramos, Luís Iglesias e o doutor Carrete. As sensacións do anterior congreso eran extraordinarias e había que emulalas e superalas. Organízase con todo detalle tanto a presentación de



O prestixioso historiador Rafael Altamira.

relatorios como as actividades complementarias e demais traballos que se precisan nunha actividade tan complexa, na que se inscribiron trescentos congresistas de case todos os países de Europa.

Antes de seguir adiante queremos aclarar que a maior parte dos datos que a continuación expoñemos foron recuperados da prensa diaria contemporánea: *La Voz de Galicia*, *El Pueblo Gallego* e o *Faro de Vigo*. Algúns dos testemuños foron recollidos dos veciños do contorno de Pazo de Oca, todos eles cos oitenta anos xa cumpridos e que nos contan, como xa dixemos, as súas vivencias ou as vivencias dos seus maiores. Pero regresemos novo ao tema do congreso. O profesor Altamira pronunciou a conferencia inaugural falando sobre o “Americanismo”, seguida dun animado coloquio. Foi moi aplaudido. O capitán de aviación, Sr. Iglesias, disertou sobre a súa famosa expedición á Amazonia, ilustrada con

fotografías e o doutor Schoedinger, profesor da Universidade de Viena e Premio Nóbel de Física do ano 1930, presentou os derradeiros descubrimentos sobre “mecánica ondulatoria”.

Así estábanse a desenvolver os diversos relatorios nunha perfecta sincronización e orde que conseguiron emular e incluso superar as boas sensacións do anterior congreso de Berlín. Quedaban aínda moitas ponencias por expoñer, entre elas unha ansiada conferencia do escritor e filósofo Ortega y Gasset, que non chegara a tempo para levala a cabo debido a un retraso na súa viaxe desde Madrid. O sábado, día catro, os congresistas dedicaron a sesión á cidade da Coruña a onde se trasladaron todos eles sendo extraordinariamente agasallados; regresaron na madrugada do domingo.

IX. O domingo pola mañán

A pesar das poucas horas durmidas, asistiron na súa totalidade á misa solemne da catedral celebrada na súa honra. Houbo procesión

FARO DE VIGO Fecha: 07-08-1934 Página 1

FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE LA PRENSA DE GALICIA Y EL DE MAYOR CIRCULACIÓN

Fundado por Angel de Lema y Marina

Año 82 N.º 20.563

NÚMERO SUELTO 10 CÉNTIMOS Martes 7 de agosto de 1934 OFICINAS Y TALLERES: COLÓN, 28

INFORMACION DE ESPAÑA Y DEL EXTRANJERO

Una dolorosa catástrofe en el palacio de Oca

Durante un "lunch" en honor de los miembros del Congreso de Ciencias, se hundió el piso y resultaron un muerto y 48 heridos, algunos de ellos de gravedad. De toda Galicia se reciben en Santiago testimonios de pésame por tan lamentable desgracia. En Vigo se suspendieron las fiestas, por dos días, en señal de duelo. Un periódico dice que en breve se entrevistarán Lerroux y Gil Robles para tratar de la formación del nuevo Gobierno, añadiendo que este será presidido por Melquiades Álvarez. "El Socialista" dice que todo está preparado para que hasta Octubre no ocurra nada. "El Sol" comenta la actitud de rebeldía en que se han colocado los Ayuntamientos de Guipúzcoa y Vizcaya. Hoy emprenderá su anunciado viaje a Galicia el Presidente de la República, acompañado de los ministros de Instrucción, Trabajo y Agricultura.

A noticia no *Faro de Vigo*.

mitrada con chirimías (instrumentos musicais de vento de dobre lingüeta evocadoras dos antigos cantos dos peregrinos xacobeos) e funcionou o botafumeiro. Celebrou a misa o cóengo Rvdo. Pío Gil asistido polos presbíteros Fernández de Blanco e Díez Fernández. Ese mesmo domingo chegaba a Santiago o insigne escritor e filósofo Ortega y Gasset quen debería pronunciar unha conferencia ante os asistentes no paraninfo da universidade ao día seguinte, luns.

Procuraron celebrar cedo a comida porque estaba prevista para a tarde unha excursión aos Pazos de Santa Cruz de Ribadulla, en Vedra, e ao de Oca, na Estrada. Así pois, ás cinco da tarde saíron en autobuses e turismos douscentos cincuenta congresistas. Os cincuenta restantes quedaron en Santiago porque a tarde aparecía desapacible e dedicárona a visitar a zona monumental.

Parece ser que á saída non quedou suficientemente clara cal sería a primeira parada. Así que un grupo de cincuenta dirixiuse ao Pazo de santa Cruz onde foron agasallados polos marqueses. Entre eles encontrábase o vizconde de Eza cos dous fillos, o alcalde de Santiago Dr. López Pol, o Sr. Torroya, o periodista Sr. Naveira López e outras destacadas personalidades

X. Congressistas no pazo de Oca

O resto dos congresistas, uns douscentos aproximadamente, chegaron ó Pazo de Oca. Como non se trataba dun acto oficial senón unha simple excursión de científicos que viñan gozar dun día de descanso, non houbo presenza de autoridades do concello da Estrada. Os marqueses do pazo, don Ignacio Fernández de Henestrosa e a súa esposa dona Blanca delegaran en don Gonzalo Otero, quen se encargou de dar a benvida ós congresistas e atendelos en todo aquilo que precisasen. Eles marcharon para Vilagarcía, onde pasaron o día no pazo dos seus familiares da casa de Rubianes, alegando loito recente polo falecemento da nai de dona Blanca. O cronista de prensa que recolleu esta noticia achaca aquela ausencia a certas diferenzas, que non pode precisar se foron políticas ou ideolóxicas, co presidente do congreso, vizconde de Eza. Outro periodista, de opinión máis moderada, comentaba que os marqueses decidiron ausentarse para non verse mesturados cos “revoltosos e molestos congresistas”. Ostentaba a representación eclesiástica o párroco don Francisco Porto.

O anfitrión do pazo, pois, don Gonzalo Otero, fixo as honras e obsequiou en nome dos donos cun succulento “lunch”, como dicía a prensa da época. Ben, diríamos agora cunha merenda, uns pinchos ou un viño español. Nun principio os organizadores colocaran as mesas no paseo dos tilos, idílico entorno dos xardíns de exuberante vexetación amenizada polo melodioso rechouchío dos paxariños. Pero a choiva que estaba a ameazar desatouse pola tarde e tiveron que retirar todo o equipo para o interior do pazo, concretamente no salón da torre da homenaxe.

Mentres, fóra, no patio exterior, a coral “Airiños da Ulla”, dirixida polo seu fundador, o inesquencible Xosé Figueiras, interpretaba diversos temas da tradicional música galega. Nos famosos xardíns do pazo, outros congresistas gozaban da variada e extraordinaria beleza da súa vexetación. O gran salón da torre da homenaxe, que aquí lle chaman o salón do arquivo, unha espazosa estancia duns sesenta metros cadrados, estaba ocupada pola maioría dos asistentes que gozaban dos saborosos manxares.

O piso deste espazoso salón, para un uso normal e corrente, tiña abundosa resistencia, pero debemos supoñer que as táboas, pontóns

e traves serían as primitivas da súa construción no século XVIII; madeiras que co paso do tempo veñen perder resistencia, especialmente neste clima húmido de Galicia onde son banquete exquisito para os xilófagos; pisos que non indicaban, como agora é obrigatorio, a “carga máxima”.

Todo discorría placidamente. O Sr Figueiras dirixía naquel momento ás súas trinta e cinco voces interpretando a “Negra Sombra” e os seus saudosos acordes acadaban os máis arredados recantos dos xardíns e do barroco edificio.

XI. A caída

Don Gonzalo Otero advertía insistentemente que non se xuntasen tantas personas no salón porque non había seguridade; pero é difícil controlar tanta xente, e non facían caso. Naquel intre concentráranse no salón máis de cen persoas. Daquela o piso non soportou tanta peso e derrubouse. E así, comensais mesturados cos mobles, táboas, puntóns esnaquizados e trabes fendidas precipitáronse desde catro metros de altura, dando cos seus ósos na tulla, dependencia onde se almacenaba o millo mailos carozos, circunstancia que amortiguou un pouco a caída.

“Parecían ánimas do purgatorio”, informábanos unha testemuña , “todos berrando; uns pedían auxilio, outros preguntaban polos seus. Laíos, sangue, moito sangue por todas partes, desmaios...”

Organízase “con moito desorde”, como nos dicía a nosa informadora, a atención aos feridos. Entre os congresistas que visitaban os xardíns había algúns médicos que se fan cargo da situación, pero houbo que fender a machadazos a porta da tulla para sacar aos feridos, que se van retirando para seren atendidos. Os encargados do pazo entregan sabas para facer vendas e os veciños aportan axuda e almofadas para acomodar os feridos máis graves. As farmacias próximas esgotaron existencias de material sanitario de primeiras curas.

Os autobuses que trasladaran aos congresistas a Oca fixeron de ambulancias para evacuar aos feridos graves. As persoas do lugar que

na actualidade andan polos noventa anos aínda recordan esta traxedia. Sendo nenos seus pais leváronos ó lugar, e contan que viron trabes rotas, esteos partidos, táboas fendidas, mesas, louza esnaquizada e moito sangue seco. Engadíán que o ruído da caída foi tan forte que chegaron a pensar se fora unha bomba.

Rescatamos da prensa rexional do día seguinte unha relación dos feridos que máis adiante incluiremos pero non nos queda nada da “banda sonora dese momento”, dos berros e laios de dor nin dos pedimentos de auxilio dos feridos.

Transcribimos de seguido o relato dunha testemuña presencial, o director do coro “Airiños da Ulla”, incluído no traballo *San Martiño de Riobó, xentes e paisaxes. Dos papeis de Xosé Figueiras Baltar, director do coro “Airiños da Ulla”* (Juan Fernández Casal, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* nº 10, 2007).

Tal día coma hoxe, sete (cinco) de agosto de 1934 amañecía un día que se adivinaba xeitoso. O ceo presentábase despexado, propio deste mes. O coro “Airiños da Ulla”, de Riobó, fagúfa unha das primeiras saídas cara o pazo de Oca onde actuaría co gallo do Catorce Congreso de Ciencias que se celebraba en Santiago e viñan como final daquela tarefa convidados polo pazo cun viño español. O coro escomenzou cantando pola corredoira dos buxos e avelás preto da centenaria e ampla carballeira que lle bica os pés o Riobó para logo arremedare a aquela nube de paxariños hóspedes ledos daquela famosa fraga. Deu volta polo paseo dos tilos e alí cantou onde antes cantara a “Masa Coral de Pontevedra” en camiño cara o estanque. Ó chegar ó par da lancha do pescador fixeron unha parada para cantar a melodía “O Consolo”, de Paz Hermo, lembrando aquela parella de noivos que o inferno da tempestade desfixo arramplando co noivo ó escuro fondo do mar.

Camiñaban paseniñamente amparallados por aquela fermosa terraza que naqueles tempos alumeou o pazo de reluciente lus, chegaron ata o xardín onde executaron unha parte do programa que os congresistas apraudiron, sobre todo aquela regueifa de Torres Crego e outras coma “Peta cun pé no sobrado”, “A dalá darriba”, “Cando van co gando”, “De volta da romaría” e algunhas máis. Xa chegados a escaleira de subida, un grupo de portugueses preguntou se no repertorio tiñan algunha cantiga portuguesa. Contesta o director que tiñan o fado “Blanquita” pero só con voces de mulleres. Aínda así quixérono oír. Así foi, colocáronse na escaleira de acceso ao salón e comezaron a cantar. Pero neste intre deixouse ouvir un estampidazo tremendo aló dentro do pazo. O salón afundírase coa case totalidade dos congresistas.

Pouco despois soubóse a causa do derrubamento. O reitor da Universidade tocou palmas para comunicar aos congresistas que fa actuar o coro e que ao terminaren saírían para Santa Cruz para visitar aquel pazo. Xúntanse todos ó seu derredor e co exceso de peso nun só punto provocou a catástrofe. Como anécdota diremos que don Gonzalo Otero e mais a dona do director do coro coa súa

filla Merceditas de seis meses encontrábanse na porta de entrada ao salón agardando a entrada do coro e vendo con asombro como todos caían quedando eles no pasal da porta. O espectáculo daquelas xentes, uns sobre outros no medio dos estullos era abrallante. Entón os coristas e directivos trataron de axudar a retirar preto de corenta feridos. Entre eles a profesora da Normal do Maxisterio de Oviedo que xa perdera a vida, dona María Gómez.

Entre os feridos estaba como gravísimo o Sr. cura párroco don Francisco Porto que se negara a saír ata Santiago. Non quería que lle tocasen, prefería morrer alí. Don Gonzalo Otero que daquela era administrador do pazo pola boa amizade cos donos, marqueses de Camarasa, foi quen convenceu ao cura ferido para que Xosé Figueiras, director do coro, o levase no seu propio coche a Santiago. Pasado bastante tempo e auxiliado por caxatas chegou a dicir misa e viviu nunha casa dentro do xardín do pazo. Aínda hoxe a esa casa lle chaman a casa do cura. Logo de parolar daquilo, o que ía ser unha grande festa veuse a converter nun grande pranto de dor”.

XII. Atencións aos feridos

Os médicos asisentes a este congreso, que por fortuna saíron ilesos porque estaban a percorrer outras dependencias do pazo ou paseando polos xardíns, acudiron axiña a prestar os primeiros auxilios aos feridos e preparalos para o seu traslado a Santiago. Unha botica situada na inmediata parroquia de Loimil e outra que daquela había en Ponte Ulla esgotaron as existencias de material usado en estes casos como vendas, algodón, anestésicos e desinfectantes, entre eles os *polvos fenicados* que tanto se usaban naqueles tempos.

A estrada xeral de Santiago-Lalín estaba próxima. Daquela só circulaban dous ou tres coches ó día, todos eles de pasaxeiros e algún que outro turismo. Ademais tampouco había parque móbil nas parroquias do contorno do pazo. Esta falla de vehículos fixo moi lento o traslado dos feridos cara a Santiago.

Pasaron case tres xeracións de veciños desde aquela traxedia. Só algunhas persoas maiores de oitenta anos teñen un recordo moi confuso deste suceso e todos os nados con posterioridade recordan o que lles contaban os seus maiores. Pero curiosamente quedou fixada na memoria colectiva desta comarca unha idea obsesiva: en tódalas casas onde se poida producir unha aglomeración de persoas por motivos de festa ou dor procuran reforzar a resistencia do piso, *non vaia a pasar coma no pazo...*

XIII. Máis feridos

Catedrático Sr. Lora. Pertencía ao Instituto de Segunda Enseñanza de Cádiz. A consecuencia do derrubamento do piso foi necesario amputarlle a perna dereita. Peor sorte correu a súa dona a quen tiveron que cortarlle as dúas.

O periodista que recolleu esta información específica incluso o cirurxián que practicou estas intervencións; tratábase do doutor Puente Castro que por aqueles días estaba veraneando na Toxa desde onde tivo que trasladarse urxentemente a Santiago para practicar estas operación e posiblemente bastantes máis aos corenta e oito accidentados.

Señorita de Navarro: fractura das dúas pernas. José María González Bernardo: profesor do Instituto de Valencia, atendido no *Hospital de los Reyes Católicos*. Non se aclaran as lesións sufridas. José Alcart, profesor da Escola de Veterinaria de Valencia, atendido no Sanatorio de San Lorenzo polo doutor Alsina.

Toda a prensa rexional que recolleu esta información publica a continuación a relación dos demais feridos cos seus nomes e apelidos pero sen especificar o tipo de lesión sufrida.

Ante tal cantidade de lesionados chegados de súpeto a Santiago colapsáronse todos os hospitais e clínicas privadas, que foron os seguintes: *Hospital de los Reyes Católicos*, Clínica de San Agustín, Clínica de San Lorenzo (Fernando Alsina), Clínica de Puente Castro e Sanatorio Baltar.

Vaíamos agora coa relación dos demais feridos tal como foi recollida polos cronistas daquela:

Antonio da Silva; Ernesto Brea de Andrade; Carlos Torre de Asunción; Ernesto Feín Díaz de Acevedo (Director da biblioteca de Braga), Ernesto Lorenzo Andrade, Doutor Machado (Profesor da Universidade de Lisboa), Otto Gutzer Viller (xeólogo suízo), José Carnero Valenzuela, Vicente García Rodeja, Aurora Modesto Martínez, Enriqueta Ortega Felici, Maximino Sanmiguel Arribal (Barcelona), Adolfo Meján Ruiz (de Oviedo), Manuel Lora Tamayo (foi Ministro de Educación), Amparo Rodríguez Aranda (Sevilla), Amelia e Julio Garrido Manresa (Madrid), Eusebio García Alonso (médico cirurxián, de Bilbao), María Navarro

(Bilbao), Luís Castillo Iglesias (Alcira), Augusto Pérez (Vitoria), Doutor Aicar, Doutor Antúnez e señora, Doutor Puyot y Prat e señora (médicos de Madrid), José María González Barreiro (Profesor de Plasencia), José Domínguez García (A Coruña), Ernesto Paya de Andrade (Portugal), José Ayacart Castejón (militar de Madrid), José Navarro Moreno e esposa (Córdoba), Augusto Pérez (médico de Vitoria), doutor Losada, Emma e Blanca Díaz-Costa (Portugal), Alberto Carlos Santos (funcionario, Portugal), Augusto da Silva Carballo (Portugal), Carlos Fernández Torres e Manuel Fulas Antúnes (Universidade de Lisboa) ... e bastantes máis que non quixeron dar o seu nome para que os seus familiares non o soubesen pola prensa.

Corenta e oito ou máis feridos, só un falecemento, varios con amputacións. Coidamos que a pesar de todo houbo moita sorte.

XIV. Párroco ferido

Francisco Porto Constenla era o cura párroco de San Estevo de Oca, onde está situado o pazo, e representaba á Igrexa na recepción aos congresistas, como era obrigado naqueles tempos. Cando bateron palmas para que axilizase a saída o grupo dirixiuse cara a porta, e entre eles o sacerdote que naquel momento tiña un pé posto na soleira da porta e o outro no piso de madeira. Fúndese o chan cos congresistas e entre eles alá vai tamén o noso crego dando tombos no aire ata chegar ao chan, coa mala sorte de que unha trabe caeulle na súa perna dereita deixándolla tan esmagada que houbo que amputarlle.

Con estas limitacións físicas non podía exercer as funcións propias da parroquia e tivo que cesar como párroco de San Estevo de Oca.

Os marqueses do pazo sentíronse en certa maneira responsables desta inutilidade e nomeárono capelán da Casa Ducal en Oca; construíron unha casa nos xardín e ofrecéronlla a este novo capelán, e nela viviu o restos dos seu días. Esta casa de planta baixa construída en pedra aínda se coñece como “a casa do cura”. Hai poucos anos foi remozada e modernizada e na actualidade serve de residencia dos actuais duques durante a súa estancia en Oca.



A casa do cura nos xardíns do Pazo.

XV. Congresista falecida

Naquela traxedia houbo feridos, moitos feridos, e unha persoa morta, a señorita María Luísa Gómez Fernández, Profesora de Letras da Escola Normal do Maxisterio de Oviedo, de corenta anos de idade. Estaba a parolar co grupo de congresistas que tomaban o “lunch” cando se fundiu grande parte do piso con case cen persoas enriba; ela levou a peor parte. Trasladárona rapidamente ao hospital e faleceu ao día seguinte.

O relato dos feitos apareceu no *Faro de Vigo*, que recolle o resultado da autopsia que lle fixeron ao cadáver os forenses do hospital doutores Amigo López e Blanco Rivero. Os resultados revelan fractura das cervicais, de doce costelas e da perna dereita. O seu cadáver foi depositado no Salón de Sesións do Concello de Santiago onde se lle renderon honras oficiais e velaron o cadáver os congresistas que saíron ilesos, funcionarios municipais e autoridades entre as que destacou o embaixador portugués en España.



ORDEN DE LOS GRABADOS:--1 Un aspecto del Pazo de Oca, donde ocorreu a dolorosa traxedia do dc Normal de Vitoria, dona María Luisa Gómez Fernández, expuesto en el salón de sesiones del Palacio Mu del Congreso de las Ciencias, celebrando sesión en la Biblioteca América de la Universidad de Santiago,

Velorio no Concello de Santiago

Ao día seguinte celebráronse os funerais no convento dos franciscanos presididos polo vizconde de Eza e polo Comandante Militar da Praza con autoridades civís e militares da cidade e todos os congresistas que aínda permanecían en Santiago. Na cerimonia interpretou o oficio de defuntos a Schola Cantorum franciscana.

Os seus restos mortais foron inhumados no cemiterio de Boisaca, que daquela aínda lucía estreo. Á condución asistiu a corporación do concello en pleno. Tanto impacto causou esta traxedia en Santiago que durante a cerimonia da condución do cadáver cara ao cemiterio pecharon espontaneamente todos os comercios da cidade.

Alí, en Boisaca, nunha lápida que di *María Luísa Gómez Fernández. 06-08-1934*, repousan os restos mortais desta profesora de Oviedo que asistía con moita ilusión a este “Catorce Congreso para el Progreso de las Ciencias” para enriquecer a súa formación cultural e humana.

Esta traxedia causou fonda impresión en todos os estamentos culturais, políticos e sociais de España do que son testemuño as expresións de pésame chegadas ao rectorado da Universidade de Santiago e ao presidente do congreso, vizconde de Eza, a través de telegramas, comunicacións escritas e copias das actas das reunións extraordinarias celebradas con tal fin.

Aquí expoñemos algunhas que recolleu a prensa: Excmo. Sr. Don Niceto Alcalá Zamaora, Presidente da República; Sr. Ministro e Sr. Subsecretario de Instrucción Pública; D. Antonio Goyanes, Presidente da Deputación da Coruña; don Alfredo Suárez Ferrín, alcalde da Coruña; señores alcaldes de Pontevedra e Vigo; Gobernadores Civiles de Lugo, Ourense e Pontevedra; alcaldes das principais cidades galegas e innumerables centros culturais e de ensino.

XVI. Final do congreso

A situación anímica dos congresistas que resultaron ilesos non era idónea para continuar coa presentación dos relatorios pendentes. O presidente do Congreso, vizconde de Eza, redacta e publica na prensa diaria a seguinte nota que transcribimos tal como a rescataamos:

Después de la reunión celebrada en la universidad por los directivos del congreso Sr. Vizconde de Eza, Sr. Torroja, Sr. Montequi, doctores Villar Iglesias, Luis Iglesias, Arias Ramos y Cordero Carrete, han acordado dar por terminadas las reuniones del referido congreso.

En su consecuencia hemos invitado a los congresistas que tuvieran alguna ponencia no presentada a hacer entrega de ella a la Secretaria para su incorporación a las actas del congreso reservándose para fecha próxima la designación del lugar en el que se ha de celebrar el siguiente congreso. La junta directiva reitera su profundo agradecimiento al pueblo de Santiago, a su ilustre universidad y al ayuntamiento.

Suspéndense pois todas as actividades do congreso, incluso a sesión de clausura que o mércores, día oito, había de presidir en Vigo o Xefe do Estado Niceto Alcalá Zamora, que por aqueles días se esperaba en Galicia para visitar as vilas mariñeiras de Vigo, Ferrol e A Coruña

XVII. García Rodeja

Don Vicente García Rodeja foi outro dos feridos que apareceu na relación da prensa pero non se especifica o tipo de lesión que sufriu. Este autor, que foi alumno de seu no Instituto de Bacharelato de Santiago, alá pola primeira metade da década dos corenta, pode aportar algún detalle máis sobre a súa persoa. Daquela impartía clases de física e investigaba no seo da Universidade de Santiago sobre o espectro da luz, terreo aínda pouco explorado entón. Aínda recordo a súa imaxe cando era alumno da súa clase de Física nos anos posteriores da guerra civil, cando a escaseza e carestía de produtos alimenticios era tan intensa. Os catedráticos de Física tamén debían padecer esta carestía pois don Vicente adoitaba entrar na aula comendo cacahuets e queixándose de que España era “una mierda”.

Tamén se queixaba da pouca valoración que daban en España aos seus traballos de investigación cando en Alemaña calquera tratado de Física que tratase o tema da luz citaba os seus traballos.

XVIII. Películas rodadas no pazo

A primeira vista parecería estraño incluír neste traballo certas películas de cine famosas noutros tempos. Pero acáenlle ben ao tema porque están intimamente relacionadas con estes pazos ulláns, coa súa barroca arquitectura e a beleza incomparable dos seus xardíns:

- **Camino de Santiago** (1999) dirixida por Robert Young con guión de Arturo Pérez-Reverte. Algúns dos seus actores foron Juan Echanove, Charlton Heston, José Sancho e Anabel Alonso. Está baseada nunha peregrinación a Santiago. As derradeiras escenas foron gravadas nas galerías do pazo de Oca para inmortalizar o labor dun pintor galego con talento, Xoan Castro, que é un dos protagonistas centrais da serie, interpretado polo actor Imanol Arias quen tivo que perder uns quilos de peso para encarnar debidamente ao persoaxe.
- **La casa de la Troya** (1925) dirixida por Manuel Noriega en colaboración co autor da novela homónima, Alejandro Pérez Lugín. Recrea a bullanga estudiantil chea de enerxía e xuventude cos seus sentimentalismos e simpatía. Un mozo madrileño foi en-



“La casa de la Troya”.

viado á lonxana Universidade de Santiago para rematar os estudos de Dereito e vese metido nese ambiente estudantil dos primeiros anos do pasado século. A filmación recrease na paisaxe galega coas súas tenues luces e días brumosos e recolle especialmente os exteriores do Pazo de Oca.

Anos máis tarde e xa en plena guerra civil fílmase outra película pero con moito menos éxito.

- **Los Pazos de Ulloa** (1985) dirixida por Gonzalo Suárez. Coproducción hispano-italiana para a televisión. Foron algúns dos seus actores José Luís Gómez, Victoria Abril, Fernando Rey, Charo López e Omero Antonutti. Nun recuncho salvaxe da Galicia de 1880, a relixión, a bruxería, a paixón e a política mestúranse e dan vida a singulares personaxes: Xulián, o crego, o marqués e Sabela, a criada. Película chea de humor, misterio e violencia, baseada na novela do mesmo título de Emilia Pardo Bazán. O desenvolvemento da película encaixa perfectamente coa masa pétrea do pazo de Oca e cos seus xardíns, onde se rodaron moitas esceas.



Juan y Junior.

- **Juan y Junior en un mundo diferente** (1969) baixo a dirección de Pedro Olea. Con Juan Pardo, Junior Morales e Maribel Martín como actores principais. Argumento de ciencia ficción no que dous mozos do planeta Nigro son enviados á Terra coa misión de matar a Juan e Junior, componentes dun grupo musical que actúa en Santiago. Juan Pardo fai de personaxe principal. Recolle escenas exteriores do Pazo de Oca así como da praia da Lanzada.
- **Sonatas** (1959) dirixida por Juan Antonio Bardem. Con Francisco Rabal, Manuel Alexandre, Fernando Rey e Nela Conjiu entre outros. Argumento: o marqués de Brandomín é apresado por un grupo de guerrilleiros e salvado grazas a súa prima. Está baseada na *Sonata de Otoño* de Ramón María del Valle Inclán. Foi rodada en gran parte nos interiores e xardíns do pazo de Oca. O director da película buscaba un pazo que se adaptase ás esixencias do guión e visitou todos os de Galicia e ao final decidiuse a rodar no belísimo Pazo de Oca. No nº 11 (2008) de “A Estrada, Miscelánea histórica e cultural” publicouse unha

reportaxe fotográfica sobre a filmación desta película no traballo titulado *Tempo de lecer no rural estradense a mediados do século XX*.

Cando estabamos a redactar os derradeiros capítulos deste traballo aparece una noticia na prensa diaria relacionada coa posibilidade de que se filme unha nova película tendo como escenario a imponente planta arquitectónica do pazo e as excelencias do seus xardíns.

O cineasta Pedro Almodóvar estivo no Pazo de Oca polo mes de maio buscado exteriores para a súa futura película titulada *La piel que habito*, protagonizada por Antonio Banderas e que se empezará a rodar neste verán do 2010.

XIX. Juan de Borbón e o cura Liste

Estes dous personaxes entran tamén nesta investigación porque están relacionados co sua trama argumental. Comecemos con don Juan de Borbón, pai do rei Juan Carlos I, quen, liberado da pesada carga de reinar en España, dispuña de tempo abondo e dedicábase nos veráns a facer longos percorridos polas costas españolas no seu barco *Giralda*. Nunha ocasión, estando atracado no peirao de Cambados, don Juan xunto coa familia e invitados realizaban viaxes turísticas á Illa da Toxa e outros recunchos da Ría de Arousa, mentres a tripulación permanecía abordo. Entre os tripulantes había un mariñeiro natural de Vilanova que durante gran parte de guerra civil compartira rexemento con Antonio Liste. Este mariñeiro, sempre que atracaban en Cambados o *Giralda*, facíalle unha visita a Antonio Liste. Nunha ocasión, por mediación deste mariñeiro, don Antonio solicitou ser recibido por don Juan de Borbón, pedimento ao que o pai do actual rei de España accedeu gustosamente. Don Antonio Liste era un home moi culto e dun trato afable que conquistaba axiña as persoas. As súas boas maneiras, as grandes amizades que tiña nas altas esferas da sociedade, da política e da cultura e o seu monarquismo, favoreceron unha boa amizade entre o párroco de Cambados e o frustrado rei. Despois desta primeira visita o cura invitou a don Juan á súa casa reitoral onde a irmá do cura, dona Isabel, obsequiouno cos mellores viños albariños dos que o cura era perfecto coñecedor; tampouco faltaron uns bos chourizos curados ao fume da lareira e unhas liscas de

xamón. A partir de entón continuou una boa amizade entre ambos os dous, amizade que durou moitos anos.

Tempo despois, por unhas festas do Nadal, o cura recibiu unha tarxeta de felicitación co escudo real e unha frase para a súa irmá que dicía: *Dele de mi parte un saludo a su hermana doña Isabel y dígale que todavía me parece que estoy saboreando los riquísimos chorizos y el jamón regados con el albariño.*

XX. Festa do Sagrado Corazón

Era unha festa de carácter estritamente relixioso que estaba integrada nunha moi antiga Asociación do Apostolado. Os marqueses do pazo patrocinaban esta festa que se celebraba o derradeiro domingo de agosto. Daquela tiña un gran sona e a ela acudían devotos das parroquias circundantes. Viña precedida polo acostumado novenario dirixido por un orador sagrado contratado especialmente polos marqueses, que procuraban fose de prestixio.

O mesmo domingo tamén se celebraba a primeira comunión colectiva de todos os meniños das parroquias da zona. Contan a persoas maiores que sendo nenos esperaban ese día con gran ilusión. ¿Motivacións relixiosas? Coido que a esa idade os meniños non teñen conciencia exacta do significado deste acto. Había, sen dúbida, outras motivacións moito máis inmediatas e reais: despois da misa os rapaciños pasaban ao pazo e a marquesa agasallábaos cunha cunca de chocolate e un bolo de pan.

¡O que é o mundo e como se trocan os costumes e as ilusións dos nenos! Hai setenta ou máis anos, a ilusión dos nenos era unha cunca de chocolate e un bolo de pan. Poida que moitos deles nunca probaran unha cunca de chocolate nin o volverían a tomar.

Igualiñas ilusións teñen os rapaciños de agora cando fan a primeira comunión... só que cunha pequena diferenza: o premio que reciben. Non é o chocolate senón unha gran festa nun restaurante no que hai que facer reserva con seis meses de antelación. Os pais do comungante danlle liberdade para que invite os seus amigos e compañeiros de escola. Pero ademais do banquete veñen os regalos. Algúns tan valiosos como unha televisión de plasma para a súa

habitación. Importe da festa: posiblemente o xornal de moitos meses de seus pais. Pero así se montou a vida.

Pero deixemos aos meniños gozar da súa festa e volvamos á misa de comunión, previa á solemne. Celebrábase ben cedo polos condicionantes do xaxún eucarístico pois non se podía comer nin beber desde as doce horas da noite anterior. Era tan grande o número de asistentes que duraba máis dunha hora a distribución da Eucaristía. Contaban que na casa onde había meniños que non se podían deixar sós, un dos cónxuxes procuraba comungar dos primeiros, regresaba á súa casa e aínda daba tempo para que o fixese o outro. A misa cantada celebrábase ao mediodía e a ela asistían todas as persoas do pazo. A continuación tiña lugar a procesión no patio exterior. O estandarte do Sagrado Corazón de Xesús era portada pola persoa invitada especialmente polos marqueses, xeralmente persoeiros de relevancia social, cultural ou política. Ten levado o estandarte o Señor de Vilancosta, Marcial Valladares, o marqués de Santa Cruz ou os Outeiros da Mota. Como final da festa do Sagrado Corazón de Xesús celebrábase no pazo unha comida á que eran invitadas as autoridades do concello e todos os curas da bisbarra.

XXI. A Virxe das Nieves

Preguntaranse vostedes porque inclúo este capítulo nunha investigación sobre o Pazo de Oca. Trataremos de aclarado. A traxedia do Pazo de Oca ocorreu o cinco de agosto, precisamente o día da popular festa da Virxe das Nieves na inmediata parroquia de Arnois.

Naquel cinco de agosto de 1934 acudían mozos e vellos ao campo da festa, camiñando, claro está. Daquela era pasada obrigada por diante do pazo e os festeiro atopáronse coa escena da recollida dos feridos perdendo sangue e laiándose de dor. Desde entón nesta comarca quedou asociada para sempre a festa das Nieves coa traxedia do pazo.

Tendo en conta esta relación inmediata é ben que digamos algo desta festa tan ligada a esta zona e reveladora do comportamento social das xentes en tempos idos. Tamén é ben que investiguemos a orixe desta bonita lenda para coñecemento dos veciños.

Parece ser que en tempos do papa Liberio, a mediados do século IV, un matrimonio sen fillos e dunha gran fortuna pediu á Virxe que lles iluminase no modo de empregala. A Virxe pídelles en soños que levanten na súa honra un templo no monte Esquilino no lugar exacto onde aparecera nevado. Efectivamente, na noite do catro ao cinco de agosto, en plena canícula, apareceu uha zona cuberta de neve. Alí levantaron o templo. Este templo é hoxe en día a Basílica de Santa María a Maior, en Roma. Esta advocación da Virxe callou na devoción popular e estendeuse rapidamente polo mundo, chegando hai moitísimos anos á parroquia de Arnois, no concello da Estrada, onde se lle levantou unha capeliña na que cada cinco de agosto se celebra unha festa relixiosa. Pero tamén había unha festa campestre que se celebraba hai uns oitenta anos no actual cruzamento da estrada Liñares-Ponteledesma coa estrada xeral de Santiago Ourense, no lugar de Balboa. O espazo dedicado á festa correspondía a un anaco de monte e o anaco da carreteira que se precisase; a maior parte dos danzantes bailaban na estrada xeral porque tiñan un chan moito máis doado para o baile; non había problemas co tráfico. Unha Estradense, un Castromil e algún que outro turismo durante o día. A velocidade que levaban e o ruído que metían abundaban como aviso a uns e outros.

Esta festa campestre era moi concorrida. Alí facíanse as comidas que os romeiros levaban das súas casas e os carros cos pipotes de viños e licores completaban o menú do día. Pola tarde as bandas de música, conxuntos de gaiteiros ou un solo gaiteiro co tamborileiro para marcar o compás organizaban o baile onde mozos e mozas movían os seus corpos ó compás das muiñeiras.

O baile era “solto”. O agarrado era considerado naquel tempo demasiado atrevido. Era curioso o sistema de solicitar parella. Detallemos a maneira porque merece a pena aclaralo. Botemos en primeiro lugar unha ollada retrospectiva ao campo de baile das Nieves e situémonos no ano trinta do pasado século. A un lado do campo estaban, como xa dixemos, os carros. Sentadas e en fila, as rosquilleiras, que vendían ademais caramelos en forma de pequenos caxatos, bonecas e outros xoguetes, todos de factura artesanal. Na parte alta do monte situábase a xente maior que non partici-

paba no baile e as nais das mociñas que vixiaban as súas fillas se algún atrevido se propasaba con elas. Dentro do campo de baile, as mozas estaban a un lado e os mozo a outro. Empeza a banda cunha peza bailable . É o momento de elixir parella. O mozo toma a iniciativa mediante un sinal dirixido á moza que pretende. A moza elixida sae cara a pista e comezan o baile. Sucédía con frecuencia que un sinal mal dirixido polo mozo, ou mal interpretado, daba motivo a que dúas pretendentes achegábanse á vez ao mozo, que se vía obrigado a rexeitar unha delas, situación que lle producía gran bochorno á rexeitada.

E así, durante toda a tarde, mozas e mozos, vellos e vellas esquecían por unhas horas os traballos e penurias da vida diaria. Antes da noite as mozas ían para as súas casas pois non era ben que andasen por eses mundos de Deus dando que falar.

XXII. A imaxe de san Sebastián

Outro dos personaxes que queremos traer aquí polos seus propios merecementos e porque aparece en varios dos acontecementos relacionados con Pazo de Oca é a figura de don Antonio Liste Rodríguez que xa foi citado noutro capítulo, párroco de Santa Mariña de Cambados durante corenta e cinco anos. Era natural da parroquia de Riobó en veciñanza coa de Oca onde está o pazo. Foi ordenado sacerdote no ano 1936 e serviu na parroquia de Laracha proposto polo duque do pazo acolléndose ao dereito de presentación que posuía sobre dita parroquia.


Dadas as moitas relacións que tiña este crego nas altas esferas da sociedade contactou accidentalmente co actual duque nun Ano Santo en Santiago de Compostela e durante a súa conversación comentáronlle que nesta zona tiña a súa familia unhas propiedades que non coñecían. O noso cura ofrecéuselle a acompañalo ata o pazo. Esta amizade así iniciada durou moitos anos. Dada esta boa amizade que tiña cos marqueses e os importantes servizos que lles prestou, no ano 1961, pedíronlle que aceptase un obsequio. Nesta oferta mostráronlle varias opcións. Escolleu unha imaxe en madeira de San Sebastián que daquela se encontraba no Pazo de Oca, polo

seu valor artístico, pois era considerada unha escultura do taller do famoso imaxineiro Gregorio Hernández, mais tamén polo seu simbolismo relixioso, tallada entre os anos 1580 e 1588. Artisticamente inclúese na denominada “escultura tridentina”.

A imaxe, de madeira policromada, representa ao mártir romano asae-teado. Orixinalmente estivo depositada na capela de “Villa Guadalupe”, no arrabaldo de Gros, en San Sebastián, propiedade dos marqueses das Penas e de Camarasa.

No ano 1946 os marqueses decidiron trasladala a este pazo de Oca, pertencente entón aos duques de Medinaceli e marqueses de Camarasa ata o citado ano sesenta e un do pasado século que foi entregado ao párroco de Cambados quen a depositou nas dependencias da parroquia e vivenda habitual do mesmo. Ao falecemento deste sacerdote a imaxe pasou a propiedade da súa irmá dona Isabel. Cando os marqueses coñeceron o falecemento de don Antonio intentaron recuperar a imaxe. Puxéronse en contacto coa propietaria e propuxéronlle a negociación mediante acordo económico ou troco por outros obxectos relixiosos a elixir. Dona Isabel estudou a oferta pero optou por rexeitala e seguir gozando da imaxe do santo mártir.

Pero tamén dona Isabel seguiu a inexorable lei da vida a da morte. A imaxe, máis duradeira que as vidas das persoas, segue trocando de propietario. Un sobriño destes irmáns Liste Rodríguez, Jesús Liste Romero, herdou a talla que na actualidade está sometida a un proceso de restauración nos talleres do Museo de Pontevedra



Imaxe do san Sebastián.

pois, con máis de cincocentos anos de antigüidade, sufriu o ataque de toda clase de xilófagos dada a súa prolongada estancia en San Sebastián, Pazo de Oca, Cambados e agora Pontevedra, todos lugares extremadamente húmidos.

Pero volvamos de novo á figura do falecido párroco de Cambados. Quero incluír aquí unha anécdota ligada coa traxedia do derrubamento do piso do pazo e que nos contaba o mesmo sacerdote durante a frecuentes visitas que lle temos feito á súa casa de Cambados.

Era o ano 1934. Daquela era aínda aprendiz a cura, perdón, aínda seminarista. Nas vacacións de verán axudaba ao párroco de Oca nos seus labores de culto. Día cinco de agosto; este seminarista axudaba ao párroco ás faenas de atención aos congresistas dentro do pazo na organización do viño español que se lles estaba a ofrecer. Un dos congresistas pediu un vaso de auga. Esta bebida non estaba contemplada no menú. O servizal sacerdote manda ao seminarista buscar unha xerra de auga á fonte próxima. Cando o futuro sacerdote estaba a encher a xerra un gran ruído saíu do pazo. Fundírase o piso e con el noventa congresistas. Moitos anos despois dicíame: *moitas veces a auga afoga pero a min salvoume a vida.*

XXIII. Agricultura do pazo

Neste Pazo de Oca destacan os xardíns pola súa beleza, polo seu esmero e variedade da súa flora, pero é tan sobradamente coñecido como título de “Versalles Galego” que todo o que aquí digamos podería desmerecer o xa sabido.

Pero o que non aparece nas informacións publicadas nas promocións de turismo e prensa especializada, son estas pequenas historias da vida agrícola do pazo, que se desenvolvían nos tempos en que datamos esta información. Imos descubrilas aquí pero seguindo o noso método de buscar sempre o enfoque anecdótico que recollemos daquelas persoas maiores de oitenta anos que nos contan as súas vivencias persoais ou as de seus pais ou avós.

O pazo, ademais das terras de labradío contidas dentro das murallas, posuía moitas outras fóra do mesmo, que traballaban directamente ou entregábanas aos veciños arrendadas a “medias”, o que

quere dicir: recollida a colleita, a metade para o pazo e a outra metade para o que a traballaba.

Ademais das terras propiedade do pazo, poucas máis pertencían aos veciños. Por iso a vida destes era miserable, chea de necesidades e de fames crónicas. O pan de millo era case o único bocado regular. Era costume facer bolas no forno que había en cada casa e comíase ata onde chegase. Logo, en canto non se facía outra fornada, pedíase prestada unha bola ao veciño e devolvíase na próxima cocedura. Nesta comarca cantábase una copla que ilustra o que dicimos:



Capela do Pazo dedicada a San Antonio.

*Gracias a Dios
que hoxe cocemos.
Catro boliñas
e cinco debemos.*

Por parte do pazo, no tempo dos labores de preparación das terras, contrataban xornaleiros. A man de obra era abundante e barata. Esta zona era considerada industrialmente deprimida e a agricultura constituía a súa única actividade. O xornal dos primeiros anos do pasado século custaba un *ptacón* (equivalente a dez céntimos de peseta). Lembra Teresa que seu avó, que era oficial canteiro, gañaba unha peseta diaria (equivalente a medio céntimo de euro).

O cultivo principal do pazo era o do millo, do que se colleitaban máis de cinco centos ferrado anuais. Unha das faenas máis incómodas



Parella a carón do eucalipto. Fotografía de Pedro Brey.

do proceso de millo era o do debullado da espiga. O método tradicional consistía en restregar unha espiga contra un carozo. Daquela descoñecían o sistema mecánico movido coa manivela. Aquí no pazo introduciron un avance técnico coa malladeira que consistía nun caixón grande enriba de catro pés coa base furada para dar paso ao gran debullado. Unha persoa cun pau grande mallaba as espigas e estas desprendían o gran que se coaba polo fondo.

Ben, podería seguir escribindo pequenas historias que a boa amiga Teresa Ruibal me vai contando, pero teño un problema con ela: é tanta

a abundancia de historias, contos, anécdotas que me quere contar que lle tiven que dicir: ¡*para, Teresa!* Un traballo coma este que estamos a elaborar, esíxenos uns límites de espazo que temos que respectar.

Seguiremos pois con estes límites e pasemos a outro tema que me segue contando Teresa, por suposto. Hai moitos anos había preto da capela do Pazo catro eucaliptos que no seu día foran plantados polo franciscano Fray Rosendo Salvado nunha visita que fixera a este pazo; parece ser que eran os primeiros plantados en Galicia. O último que quedara era tan grande que só unha ponla que estaba a caer podía fundir o tellado da capela, polo que foi necesario talar a árbore, tan enorme que seis persoas non o daban abrazado e no espazo que ocupaba a rentes do chan podería caber un dormitorio con todos os mobles.

O gando do pazo non daba comido os produtos sobrantes da agricultura, polo que eran vendidos aos propios labradores das parroquias limítrofes e aos almacéns da Estrada. Moi curiosa era a venda de herba seca. Máis de sesenta carros eran comprados cada ano polos agricultores da Ulla. Tamén comerciaban coa folla seca dos carballos da fraga polo outono. Arrendaban anacos da fraga, queremos dicir: arrendaban a folla dos carballos nun terreo que se marcaba e que era apañada polos propios compradores.